

Contestación Secretaría Xeral para o Deporte a consulta realizada pola FGT en relación as excepcións por competicións de ámbito estatal.

As competicións deportivas federadas de nivel nacional e os seus adestramentos desenvolveranse de acordo co establecido pola administración competente e de conformidade coas limitacións establecidas nos protocolos federativos correspondentes.

O Protocolo de referencia será o *Protocolo de actuación para la vuelta de competiciones oficiales de ámbito estatal y carácter no profesional*, aprobado polo Consejo Superior de Deportes, así como no seu caso o Protocolo reforzado que aprobe cada unha das Federacións Deportivas Españolas.

No que respecta as excepcións ás restricións de mobilidade e de horario nocturno:

En relación coas limitacións da entrada e saída de persoas en determinados ámbitos territoriais previstas no punto primeiro, un do Decreto 5/2021, do 19 de xaneiro, e coa limitación da liberdade de circulación das persoas en horario nocturno do punto cinco do Decreto 3/2021, do 13 de xaneiro, polo que se modifica o Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2:

a. Quedan exceptuados de tales limitacións aqueles desprazamentos, adecuadamente xustificadas, que se realicen en cumprimento de obrigas laborais e profesionais, conforme o disposto na letra b) do número 3 do punto primeiro do Decreto 202/2020, do 3 de decembro, e na letra d) do número 1 do artigo 5 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro.

b. Serán de aplicación a excepción a tales limitacións de mobilidade e de horario nocturno, aos desprazamentos relacionados co deporte federado de ámbito Estatal cando se cumpran todas as seguintes condicións:

1ª) Que o desprazamento estea xustificado pola realización dun adestramento vinculado á participación nunha competición de ámbito Estatal incluída no calendario oficial da correspondente federación deportiva Española e/ou pola participación nunha competición deste tipo.

2ª) Que non existan alternativas de realización do adestramento e/ou da celebración da competición nun ámbito territorial que non exixa un desprazamento afectado polas limitacións á liberdade de circulación vixentes.

3ª) Que o desprazamento se realice por algunha ou algunhas das seguintes persoas:

i) por persoas deportistas federadas participantes en competicións de ámbito estatal cun calendario aprobado para a tempada 2020/2021.

iii) As persoas técnicas ou adestradoras das persoas deportistas incluídas no apartado anterior.

4ª) Que a persoa que se desprace porte, durante o desprazamento, un certificado da correspondente federación ou clube deportivo federado co seguinte contido mínimo:

- i) Identificación da persoa que se despraza e da súa participación nunha competición incluída no calendario oficial da correspondente federación deportiva Española.
- ii) Lugar do adestramento xustificando a súa vinculación coa participación nunha competición incluída no calendario oficial da correspondente federación deportiva e/ou lugar da competición.
- iii) Data e horario de realización do adestramento e/ou da celebración da competición.
- iv) Xustificación da non existencia de alternativas de realización do adestramento e/ou da celebración da competición nun ámbito territorial que non exixa un desprazamento afectado polas limitacións á liberdade de circulación vixentes.

Un saúdo,

Subdirección Xeral de Plans e Programas
Secretaría Xeral para o Deporte
R/ Madrid 2-4, 2º (Fontiñas), 15781 Santiago de Compostela
Tfno. 881996359